

O movemento das colonias escolares, impulsado polo pastor M. W. Bio no Congreso de Zúrich en 1888, tivo a súa orixe en Europa a finais do século XIX; Alemaña, Austria, Dinamarca, Bélxica, Suíza e Noruega crearon as primeiras colonias europeas e establecéronse en España a partir de 1887: Barcelona, Bilbao, Granada, Valencia e Santiago de Compostela nos anos 1890-1893. O filantropismo promovido por Basedow e as contribucións de Rousseau e dos pedagogos, Pestalozzi e Froebel, impulsaron unha educación baseada no desenvolvemento de aspectos físicos, morais e intelectuais, cunha aprendizaxe xurdida da propia experiencia e non impartida por outros, como levaba séculos impondo a Igrexa Católica que bloqueaba prácticas educativas xa implantadas nesa época noutros países europeos. Tamén a Bioloxía e a Medicina influíron sobre a pedagogía, pois promulgaban o exercicio físico e o saneamento das cidades deseñando nestas xardíns, campos escolares, patios etc.

En 1876 foi fundada en España a Institución Libre de Enseñanza. Fomentaba a adopción do método intuitivo, a coeducación e a introdución de actividades físicas no ámbito escolar, así como excursións ao aire libre e as propias colonias escolares. Deste xeito, as colonias viñan ser un intento de rexeneración social dos nenos pertencentes ás clases máis baixas segundo establecían as novas correntes educativas. Noutra banda, incrementouse o número de institucións protectoras da infancia, cunha concepción da escola primaria que desenvolveu unha obra complementaria escolar chamada institucións circumescolares, cun carácter benéfico e de hixiene preventiva de enfermidades debidas á falta de condicións de salubridade en que vivían moitas familias. A sociedade industrial supuxo nas cidades o amoreamento, a mala alimentación e a pobreza, de aí a elevada mortalidade infantil, motivo polo cal se implantou a inspección médica nas mesmas escolas. Tamén era moi alto o abandono escolar, ao deixaren os pequenos os estudos aos 10 ou 11 anos, ou aínda máis cedo no rural, para se poren a traballar.

En 1903, ao quedar sen función, o lazareto de Oza foi convertido, xunto co de Pedrosa en Santander, en sanatorio-escola marítimo (un dos tipos de institucións que albergaban colonias infantís). As nenas e os nenos que viñan de Toledo, Lugo, Ourense, Ferrol e Madrid (por iniciativa do Monte de Piedad e da Caixa de Aforros), permanecían nel cinco meses, nos cales “se robustecían” grazas ao clima benigno e a coidada alimentación que se lles daba. A inspección médica só seleccionaba os tuberculosos incipientes, descartando os máis débiles que non eran aptos para viaxar, e os que tiñan afeccións cardíacas, contaxiosas, incontinencia ou pretuberculose; nunca os enfermos ou máis aplicados, por ser as colonias escolares unha obra social. Chegaban tras un día de viaxe en trens de terceira, polo que a compañía de ferrocarrís era instada con frecuencia a mellorar o servizo con tarifas especiais e vagóns adaptados. As corporacións municipais pagaban a viaxe, a estadía e a manutención dos cativos, e o Estado os gastos de persoal médico, pedagóxico, administrativo e de servizo. O custo por neno variaba entre 1,50 pesetas os primeiros anos ata incrementarse a 3, debido a problemas orzamentarios que fixeron necesarias numerosas obras de ampliación, dado o elevado número de rapaces que o Sanatorio acollía (chegou a alcanzar 1000 nun ano).

As actividades diarias no Sanatorio de Oza eran diversas: lecturas comentadas, debuxos ao natural e xeográficos, traballos manuais, ximnasia sueca, paseos, baños, redacción dun diario e, por suposto, xogos (con aros, bolos, cordas etc.) tempo de repouso ao aire libre e recreo. Tamén se aprendían normas de convivencia, tolerancia e hixiene. Non obstante, nos anos trinta a masificación do Sanatorio impediu realizar o labor educativo de forma plena e sucedéronse as críticas ao seu funcionamento. Finalmente, durante a Guerra Civil (1936-1939), o Sanatorio converteuse en enfermaría militar e habilitáronse dous pavillóns de colonias con este fin, polo que estas foron interrompidas. En 1943 pasou do Ministerio de Gobernación a depender do Padroado Nacional Antituberculoso, este feito supuxo a supresión da modalidade de colonias, co fin de o adaptar exclusivamente á loita contra a tuberculose .